

RESOLUCIÓN

PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS DE ESTUDOS PARA ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESTUDOS DE GRAO ELEMENTAL DE PROFESIONAL NO CMUS PROFESIONAL DE CARBALLO. CURSO 2022/2023.

No BOP do 3 de abril de 2023 publicouse o anuncio das Bases da convocatoria de axudas para alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil e estudos de Grao Elemental e Profesional do Cmus Profesional de Carballo a través da BNDS polo que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a Convocatoria das ditas axudas aprobada pola Xunta de Goberno Local conforme o establecido na base 5 da Convocatoria; o dito prazo remata o día 4 de maio de 2023.

Debido a que a partir do 26 de abril o rexistro municipal funcionou e maneira restrixida a causa do ciberataque sufrido nos equipos e redes informáticas municipais concurren motivos e aconsellan a ampliación do prazo inicialmente establecido para a presentación de solicitudes, e para facilitar a dita presentación aos interesados considérase conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

O artigo 32.1 DA Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que salvo precepto en contrario, podrá acordarse de oficio, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade do mesmo, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se perxudican os dereitos de terceiros.

A visto anterior, propónse á Alcaldía que adopte as seguintes resolucións:

Primeiro: Aprobar a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de Axudas de Estudos para alumnado de 2º ciclo de Educación infantil e estudos de Grao Elemental e Profesional do Cmus Profesional de Carballo ata o día 10 de maio de 2023.

Segundo: publicar este acordo na sede electrónica municipal e na páxina web www.carballo.gal para coñecemento dos interesados.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto